

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de maio de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 1, 2, 3, 4 e 5)

A secretaria informa dos licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Aclárase que todas as proposicións foron presentadas a través do Rexistro Xeral agás a de GESTION Y SERVICIOS PARA ESPECTÁCULOS Y EVENTOS, S.L. que, unha vez comprobada, se constata que non está encriptada polo que non se garante o segredo da proposición antes do acto da apertura (artigo 139 da LCSP) o que constitúe un suposto de non admisión da proposición recollido na cláusula 13.4i.1 do PCAP ("*A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador*").

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "*Documentación persoal*" de todos os licitadores agás GESTION Y SERVICIOS PARA ESPECTÁCULOS Y EVENTOS, S.L., tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Non admitir a GESTION Y SERVICIOS PARA ESPECTÁCULOS Y EVENTOS, S.L. neste procedemento por ter presentado a proposición non encriptada e coñecerse o seu contido antes do acto de apertura (artigo 139 da LCSP e cláusula 13.4i.1 do PCAP).
- b) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
 2. SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lotes 1, 2 e 3)
 3. AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L. (lote 4)
 4. PREMIUMGUEST, S.L. (lote 5)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/05/2022 14:34	Páxina 1 de 3
9176-335	CSV: A8AEA4-EAEB26-A452ED-Q92SN5-NEPRHM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. TEUTICKET 2021, S.L. (lote 5): deberá presentar un novo DEUC debidamente cumprimentado e asinado xa que na parte III "Motivos de exclusión" non se respondeu ás preguntas relativas a:
 - *Convenio con los acreedores*
 - *Quiebra*
 - *Activos que están sendo administrados por un liquidador*
2. COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L. (lote 4): deberá emendar o DEUC xa que na parte III "Motivos de exclusión" se respondeu afirmativamente á pregunta relativa a "*Delitos de terrorismo o delitos ligados a las actividades terroristas*".

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 2 e 3)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores admitidos nos lotes 2 e 3 deste procedemento.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares ("*As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante*"), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día **30 de maio de 2022**.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/05/2022 14:34	Páxina 2 de 3
9176-335	CSV: A8AEA4-EAEB26-A452ED-Q92SN5-NEPRHM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

[https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?
lang=gal](https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/05/2022 14:34	Páxina 3 de 3
9176-335	CSV: A8AEA4-EAEB26-A452ED-Q92SN5-NEPRHM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		